



CIRCULAR INFORMATIVA - TRANSPORTE ESCOLAR - CURSO: 2021-2022

Estimadas familias:

Recibida a Instrución conxunta 1/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, do 25 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2021-2022.

Informamos:

Que para o vindeiro curso: 2021-2022 deben terse en conta varios aspectos referentes ao servizo de transporte escolar que aparecen contemplados na mencionada instrución.

1º) **O alumnado que é usuario lexítimo do servizo de transporte escolar**, ao igual que durante os cursos anteriores, **ten garantida a súa praza** para desprazarse ao centro educativo tanto na viaxe de ida como na de volta ao seu domicilio.

2º) **O alumnado que ata o de agora facía uso do transporte escolar de forma excepcional** (unha vez que se autorizaba por parte do organismo correspondente e sempre e cando houberen prazas dispoñibles na ruta) para o próximo curso ese uso do transporte xa non se vai poder xestionar como viña sendo habitual.

Ata o curso pasado os alumnos e alumnas que necesitaban presentar no centro a solicitude para facer uso de transporte de forma excepcional (alumnado que ten o seu domicilio a menos de 2km do colexio e alumnos que son escolarizados fóra da súa área de influencia), entregaban a solicitude no colexio e unha vez que estaba dispoñible o programa que xestiona transporte escolar, procedíase á súa tramitación. **Para o vindeiro curso: 2021-2022 o centro unicamente está habilitado para rexistrar no programa a reserva de praza a favor dos usuarios lexítimos de transporte escolar**, polo que sentimos non poder xestionalo desde o centro.

A continuación, aportamos un extracto do texto que aparece recollido no parágrafo 2º, do apartado 3 de dita instrución) que podeades consultar completa no pdf adxunto ou ben descargándoa a través da rede.

*“No caso dos **servizos integrados**, (aos que o noso centro pertence), **non se realizará reserva de praza a favor destes escolares**, quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderán facer uso do servizo en condicións análogas, sen que se modifiquen as rutas nin se creen novas paradas, para que o acceso ao servizo integrado non teña un custo económico para as persoas usuarias, poderán facer uso da **tarxeta de transporte Xente Nova**, coa que os importes inicialmente abonados seranlle reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos previstos para esta tarifa, dos que se ofrece información na web **www.bus.gal**”*

Os usuarios que non sexan lexítimos e que queiran facer uso do transporte escolar deberán adquirir a tarxeta **Xente Nova** para poder acceder ao mesmo. No colexio **NON** se poderá tramitar esta tarxeta nin reservar praza no autobús posto que é competencia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Coa tarxeta Xente Nova os importes inicialmente aboados seranlles reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos previstos nesta tarifa, dos que se ofrece información na web: www.bus.gal.

Na web www.bus.gal está toda a información necesaria para realizar o proceso de adquisición da tarxeta Xente Nova. Para calquera dúbida sobre a xestión da tarxeta, poden chamar ao teléfono 988.68.78.00 ou ben enviar un correo electrónico ao enderezo tmg@xunta.gal.

Para posibles dúbidas sobre a instrución conxunta de transporte poden dirixirse por correo electrónico aos enderezos rec.educacion.coruna@xunta.gal, transporteescolar.santiago@edu.xunta.gal ou ben chamando aos teléfonos 981 18 22 30, 981 54 54 14.

Esta é a información da que dispoñemos no centro referente ao transporte escolar a día de hoxe, 21-Xullo-2021.

Un saúdo.

O equipo directivo.